

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 22 DE FEBREIRO DE 2010.

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

CONCELLEIROS:

D. José M. Balseiro Canoura

D^a. Ana María Abad López

D. José Manuel González Álvarez

D^a. M^a Dolores Meitín Guerreiro

D. Modesto Ben Fernández

D. Xesús Xosé Fernández Bouza

D. Jaime Pernas Rodríguez

D. Secundino Vázquez Fra

D. Javier Fernández Basanta

D. Jesús Casabella Lage

INTERVENTORA:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as 19 horas do día 22 de febreiro de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º.- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCICIO 2009. DAR CONTA.

Por Secretaría dáse conta ó Concello Pleno, ós efectos do disposto no Art. 191.3 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo en relación co artigo 90.1 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, da liquidación do Orzamento Municipal correspondente ó exercicio 2009 aprobada por Decreto de Alcaldía de data 27 de xaneiro de 2010 obrante no expediente cos informes e documentación preceptivos.

O Concello Pleno dáse por enterado.

2º.-ORDENANZA MUNICIPAL REGULAMENTADORA DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. Alcalde sinalase que tal e como xa se explicou na Xunta de Portavoces do pasado día 11 de febreiro o contido do regulamento do epígrafe non é mais que o obrigado cumprimento do disposto na Lei de Servizos Sociais de Galicia, e na Orde autonómica pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar, salientando que aproveitando esta modificación, introdúcese un mecanismo de control, con criterios estritamente obxectivos, para garantir que o Servizo de Axuda no Fogar sexa un servizo dirixido a aqueles veciños e veciñas que realmente o necesitan.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que o seu grupo está plenamente de acordo coa proposta de regulamento.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase quese ven, o imperativo legal e certo, non é menos certo que a interpretación da Lei que se fai a través da Orde anteriormente citada, é totalmente restrictiva, de xeito que vai supoñer un recorte de dereitos para os beneficiarios do servizo.

Sinala igualmente o Sr. Fernández Bouza que o Servizo de Axuda no Fogar que se presta dende o Concello de Xove, segue a necesitar un maior control de xeito de que non existan dúbidas acerca dos verdadeiros obxectivos que este Grupo de Goberno, ó igual que o anterior pretendan acadar co mesmo.

Polo Sr. Alcalde manifestase que resulta sorprendente que o Concelleiro do BNG critique unha Lei e unha Orde que foron aprobadas polo goberno autonómico anterior, integrado por representantes do PsdeG-PSOE e o BNG.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase que está de acordo coa proposta do epígrafe, xa que se trata de cumprir con unha normativa en vigor, mais engade que sería convinte, dunha banda ser extremadamente rigoroso no control da residencia efectiva dos posibles solicitantes do servizo de axuda no fogar, e doutra banda, potencia-la divulgación do contido da Lei de Dependencia, xa que os beneficiarios que poidan acollerse á mesma, van percibir máis e mellores prestacións e, todo hai que dicilo, tamén suporá un aforro económico para o Concello.

Rematado o debate, o Concello Pleno cos votos favorables dos Sres/Sras. D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. José M. Balseiro Canoura, D^a. Ana María Abad López, D. José Manuel González Álvarez, D^a. M^a Dolores Meitín Guerreiro, D. Jaime Pernas Rodríguez, D. Secundino Vázquez Fra, D. Javier Fernández Basanta, D. Jesús Casabella Lage e D. Modesto Ben Fernández e coa abstención de D. Xesús Xosé Fernández Bouza, acorda aprobar inicialmente a Ordenanza Municipal Reguladora pola que se aproba o regulamento do servizo de axuda no fogar no Concello de Xove; sometendo o presente acordo ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 30 días hábiles mediante anuncios a insertar no taboeiro municipal de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia.

No suposto de que no devandito prazo non se presentaran reclamacións ou suxerencias, o presente acordo de aprobación inicial, entenderase definitivamente adoptado.

3º.- ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. APROBACIÓN SE PROCEDE. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta ó Concello Pleno do expediente do epígrafe.

Polo Sr. Alcalde manifestase que a proposta recolle literalmente o disposto na Orde da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar.

Rematado o debate, o Concello Pleno cos votos favorables dos Sres/Sras. D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. José M. Balseiro Canoura, D^a. Ana María Abad López, D. José Manuel González Álvarez, D^a. M^a Dolores Meitín Guerreiro, , D. Jaime Pernas Rodríguez, D. Secundino Vázquez Fra, D. Javier Fernández Basanta, D. Jesús Casabella Lage e D. Modesto Ben Fernández e coa abstención de D. Xesús Xosé Fernández Bouza, acorda aprobar o acordo regulador do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar que a seguir se transcribe integramente:

“ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

I.- FUNDAMENTO E NATUREZA

Artigo 1º.- Este Concello consonte ó autorizado polo artigo 127 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e de acordo co previsto no artigo 41 do citado texto legal, establece o prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar, que se regulará polo presente Acordo Regulador.

II.-CONCEPTO

Artigo 2º.- Constitúe o obxecto deste prezo público a prestación do servizo de axuda no fogar.

III. OBRIGADO Ó PAGO

Artigo 3º.- Están obrigados ó pago calquera persoa que solicite o servizo a que fai referencia o artigo anterior. Para ser beneficiario do servizo estarase ao disposto no Regulamento municipal do Servizo de Axuda no Fogar.

IV. EXENCIÓNS E REDUCCIÓNS

Artigo 4º.- Estarán exentos de pago aqueles solicitantes do servizo que teñan unha renda per cápita cuns ingresos menores ou en igual contía que o 100% do indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM), publicado anualmente.

As porcentaxes a que se refire o artigo 6º posterior, poderán de xeito excepcional ser obxecto de redución nos casos en que haxa problemáticas que así o aconsellen, que deberán ser valoradas pola traballadora social mediante informe motivado e aprobadas polo órgano competente para a concesión do servizo.

V. OBRIGA DE PAGO

Artigo 5º.- Considérase devengada a exacción no momento da aprobación da solicitude efectuada polo órgano competente.

VI. TARIFAS

Artigo 6º.- As tarifas que se abonen polos usuarios serán o resultado de aplicar ao custo do servizo en función do número de horas que corresponda conceder ao solicitante, a seguinte porcentaxe:

1.- MODALIDADE DE ACCESO DIRECTO

Renda per cápita Ingresos en relación ao IPREM	TARIFA
ENTRE O 100% E O 150% DO IPREM	10% DO CUSTO DO SERVIZO
ENTRE O 150% E O 200% DO IPREM	15% DO CUSTO DO SERVIZO
ENTRE O 200 % E O 300% DO IPREM	20 % DO CUSTO DO SERVIZO
ENTRE O 300 % E O 400% DO IPREM	40 % DO CUSTO DO SERVIZO
ENTRE O 400 % E O 500% DO IPREM	60 % DO CUSTO DO SERVIZO
MÁIS DO 500% DO IPREM	65% DO CUSTO DO SERVIZO

2.- MODALIDADE DE LIBRE CONCORRENCIA

Renda per cápita Ingresos en relación ao IPREM	TARIFA
ENTRE O 100% E O 300% DO IPREM	20% DO CUSTO DO SERVIZO
ENTRE O 300 5 E O 500% DO IPREM	60 % DO CUSTO DO SERVIZO
MÁIS DO 500 % DO IPREM	65 % DO CUSTO DO SERVIZO

Para a determinación da renda, estarase ao establecido no artigo 18 do Regulamento do Servizo.

O coste do servizo establécese para o ano 2009 en 12,65 euros/hora e toma como referencia o coste directo de prestación do servizo en réxime de xestión indirecta e os costes indirectos asociados ao mesmo.

VII. NORMAS DE XESTION

Artigo 7º.- A débeda derivada do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar liquidarase por padrón. A inclusión no padrón realizarase de oficio unha vez aprobada a solicitude de acceso ao servizo e determinado o número de horas a conceder.

O ingreso da tarifa practicarase preferentemente mediante domiciliación bancaria, se ben se permitirá no seu defecto o ingreso ante os servizos de recadación do Concello.

A achega dos usuarios será obxecto de actualización segundo a contía anual do IPREM ou indicador que o substitúa.

DISPOSICION FINAL

O presente Acordo regulador entrará en vigor e comenará a aplicarse no momento da súa publicación no BOP, condicionado igualmente á aprobación definitiva do Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa. “

E sen mais asuntos que tratar, sendo as dezanove horas e trinta minutos, levántase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo